



FIN DE CURSO - alumnado ESO

Calendario fin de curso 23-24

- **1-21 de xuño:** clases normais. Neste período haberá:
 - Exames e tarefas da 3ª avaliación.
 - Exames e tarefas de recuperación da 1ª e 2ª avaliación.
 - Exames e tarefas de materias pendentes de cursos anteriores.
 - Pode haber exames finais.
 - Semana 3 xuño: Pasará xurado Aulas ben coidadas.
- **14-21 xuño:** O día que indique o titor/a, entrega da **chave taquilla** e devolución dos cartos de depósito.
- **Martes 20 de xuño:**
 - **Devolución de libros de préstamo** 4º ESO, en aula 005
1ªh: 4º A / 2º h: 4º B / 3ª h: 4º C
 - Entrega ordenadores Edixgal: só alumnado ao que se lle requira.
- **Venres 21 de xuño: último día lectivo.** Haberá clases, xogos e actividades.
- **Xoves 27 de xuño:** Entrega de notas (da 3ª avaliación e final) por Abalar e por persoas titoras na aula correspondente ás 11:00h.
- **28 de xuño e 1 xullo:** Revisión de exames e reclamacións.
- Prazos de atención preferente de **matrícula para o próximo curso:**

Curso	Datos preferentes
3º ESO – 4º ESO	27-28 xuño
1º ESO – 2º ESO	2-3 xullo



PROMOCIÓN DE CURSO 1º-3º ESO

NON HAI EXAMES EXTRAORDINARIOS

O alumnado promociona dun curso a outro cando supere todas as materias cursadas (tamén as materias pendentes de cursos anteriores) ou teñan avaliación negativa como máximo en dúas materias sempre e cando se cumpran simultaneamente os seguintes criterios:

- 1) Que a media aritmética das cualificación obtidas en todas as materias en que estea matriculada/o nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- 2) Que a suma dos períodos lectivos semanais das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
- 3) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impide seguir con éxito o curso seguinte.
- 4) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- 5) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

TITULACIÓN 4º ESO:

NON HAI EXAMES EXTRAORDINARIOS

Os criterios de titulación na ESO son superar todas as materias ou ámbitos cursados, ou que se cumpran simultaneamente as seguintes tres condicións:

- 1) Que a media aritmética das cualificación obtidas en todas as materias en que estea matriculada/o nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- 2) Que a xuízo do equipo docente a alumna/o adquirise as competencias establecidas.
- 3) Que a xuízo do equipo docente a alumna/o alcanzase os obxectivos da etapa.